



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo,
Subdirector xeral do Patrimonio

Vogais: D. Jacinto Álvarez Somoza,
interventor delegado da Consellería de
Facenda

Dª María del Carmen Rodríguez Mujico,
asesora xurídica da Consellería de Facenda

Secretario: D. Ignacio Mª García de los
Huertos y Vidal, xefe do Servizo de
Administración e Xestión Patrimonial

En Santiago de Compostela, a 22 de xullo de 2019, sendo as 13:00 horas, reúnense na sala de Xuntas do edificio administrativo da rúa Pastoriza, 8, a mesa de contratación composta polos membros que á marxe se relacionan, para a avaliación previa da documentación presentada ao concurso.

Non se persoa o representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que previamente fora debidamente convocado

Iniciase o acto polo sr. presidente dando lectura á certificación expedida pola xefa de sección no Servizo do Rexistro Xeral e Información á Cidadanía na que consta dentro do prazo outorgado a presentación dunha oferta:

<u>Nº rexistro</u>	<u>Data asento</u>	<u>Nº sobres</u>	<u>Nome do licitador</u>
90779	18/07/2019	2	Abanca Corporación División Inmobiliaria, SL

A continuación o Presidente ordena a apertura do sobre correspondente á documentación administrativa da oferta presentada.

A documentación presentada por Abanca Corporación División Inmobiliaria, S. L. é a seguinte:

- Anexo 1: orixinal;
- Copias sen compulsar de:
 - o Escritura de constitución da sociedade outorgada o 26 de decembro de 2008, nº de protocolo 2947;
 - o Escritura de cambio de denominación social da sociedade outorgada o 16 de marzo de 2011, nº de protocolo 701;



- Escritura de cambio de denominación social da sociedade outorgada o 28 de xaneiro de 2015, nº de protocolo 201;
- Escritura de cambio de domicilio social da sociedade outorgada o 19 de novembro de 2012, nº de protocolo 3402;
- Escritura pública de apoderamento de 3 de abril de 2012, nº de protocolo 1060.

Examinada a documentación de Abanca Corporación División Inmobiliaria, S. L., de conformidade coa clausula 7.4.1 do prego de condicións que rexe a presente contratación, a mesa acorda por unanimidade, outorgar ó licitador un prazo máximo de 3 días hábiles para aportar as escrituras de constitución e de apoderamento citadas, en orixinal ou copia auténtica notarial ou compulsada por funcionarios da Xunta de Galicia.

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 13.10 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

O presidente


Pablo Viaño Lorenzo

O interventor delegado


Jacinto Álvarez Somoza

O secretario


Ignacio García de los Huertos

A asesora xurídica


María del Carmen Rodríguez Mujico